

A ARTE DA AMIZADE

[Stanley Tucci, 2017]

322

ESTREA EN NUMAX: 29.12.2017 | V.O.S.E. | +12

Final Portrait (2017, 90')

Dirección: Stanley Tucci

Guión: Stanley Tucci (a partir das memorias de James Lord: *Retrato de Giacometti*)

Elenco: Geoffrey Rush, Armie Hammer, Clémence Poésy, Tony Shalhoub, James Faulkner, Sylvie Testud, Martyn Mayger

Son: Jack Gillies

Montaxe: Camilla Toniolo

Fotografía: Danny Cohen

Vestuario: Liza Bracey

Dirección de arte: David Hindle

Música: Evan Lurie

Produtoras: Olive Productions, Potboiler Productions, Riverstone Pictures (Reino Unido)

Distribuidora: Vértigo Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés, francés, italiano

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinalde 2017 (Sección oficial),
Edimburgo 2017 (Sección oficial),
British Independent Film Awards
2017 (Nomeado ao mellor deseño de
produción)

FILMOGRAFÍA

Blind Date, 20076

El secreto de Joe Gould, 2000

Los impostores, 1998

Big Night: Una gran noche, 1996

SINOPSE

En 1964, nunha viaxe a París, o recoñecido artista Alberto Giacometti, suxírelle ao seu amigo e escritor James Lord facerlle un retrato, proposición que Lord, intrigado, acepta. Así comeza non só a historia dunha amizade conmovedora e pouco convencional, senón unha visión única e reveladora da beleza, a frustración, a profundidade e, ás veces, o caos do proceso artístico.

«Retrato cativador dun artista que está ao mesmo tempo eufórico, encantado e totalmente posuído»

Owen Gleiberman,
VARIETY



«Hai un marabilloso sentido do humor e aceda ironía durante o proceso artístico»

Notas de Stanley Tucci

Biopics

Non me gustan os biopics. Non entendo como se lle pode arruinar a vida a alguén nunha hora e media ou dúas horas. No meu caso tentei acadar o máximo da persoa ao centrarme nun período moi curto de tempo. Seleccioniei diferentes experiencias e circunstancias, eventos da vida de Giacometti, e condenseinos nestas dúas semanas para xerar a idea do dentro e o fóra deste estudio.

Giacometti

Son un grande admirador do traballo de Giacometti. Sempre o fun. Empecei a ler sobre el e cheguei a este libro de memorias. Leva comigo 25 anos máis ou menos.

O proceso creativo

Escribín esta película hai dez anos, ou máis. Sempre estou interesado no proceso creativo: por que fas o que fas como artista, e tamén a relación do artista co seu traballo e coa sociedade.

Ese proceso creativo está moi ben descrito por Lord e por Giacometti neste pequeno libro. Poderíase dicir que é un dos mellores libros escritos sobre o proceso creativo e creo que para calquera, desde calquera forma artística, deba ser como unha Biblia. Giacometti foi un dos artistas máis elocuentes do seu tempo. Tamén era incrivelmente divertido; tiña un gran sentido da ironía.

Geoffrey Rush

É un grande actor e sempre o admirei. Por suposto, cando miras a Geoffrey, ves claramente que hai un parecido con Giacometti. Aínda así o seu corpo é claramente diferente, é fraco e longueirón, namentres Giacometti era baixo, forte e musculoso, mais sabiamos que Geoffrey se mergulla nos personaxes, é divertido e encantador na pantalla, o actor perfecto para o papel.

James Lord

Desexo ser o máis sincero posíbel, pero, por suposto, asumimos algunha licenza poética. Cheguei a coñecer a James Lord, e así foi como obtiven os dereitos do libro orixinalmente, e Lord contoume moitas historias sobre Giacometti. Iso foi incrivelmente útil. Ademais, lera case todo o que se ten escrito sobre el. Gran parte dos nosos diálogos saen do que Lord nos contou.

Recreación

Recrear a obra de arte foi outra tarefa realmente difícil. James contratou a tres artistas mozos que poderían recrear as esculturas que imaxinabamos que estaban no seu estudio durante esas semanas. Foi unha tarefa tremenda, pero fixémoslo brillantemente.

Paleta de cores

Como actor, debes ter un disface que che faga sentir cómodo e que che axude a encontrar o teu personaxe. A paleta foi moi específica; é unha paleta moi neutral. Caroline daríanos un toque de cor na súa barra de beizos ou no seu abrigo. Tamén Annette ten un abrigo de cor mostaza que se describe en varios libros diferentes. Debido a que o traballo de Giacometti é moi neutral, queriamos crear esa paleta con pequenos toques de cor.

O público

O que agardo é que o público logre aprender máis sobre Giacometti e ver o proceso creativo. E tamén que un artista é serio cando traballa mais tamén hai un marabilloso sentido do humor e aceda ironía dentro dese proceso. E ese proceso nunca se detén. O filme dá apenas unha idea do que deste incribel proceso co que os artistas levan a loitar durante miles de anos.

Publicado en www.vertigofilms.es/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Retrato de Giacometti, James Lord.

Antonio Machado, 2016

Los hermanos Giacometti, James Lord. Elba, 2016

En el taller de Giacometti,

Michael Peppiatt. Elba, 2011

Giacometti y Yanaihara,

Sachiko Natsume-Dubé. Elba, 2013

El cubo y el rostro. En torno a la escultura

de Alberto Giacometti, George Didi-Huberman.

Abada, 2017

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



Abónate
e ven sempre
por **4,5€**

Faite
NUMAX!